

PROTOCOLO DE XESTIÓN PARA A FALTA DE PAGAMENTO DAS COTAS COLEXIAIS

Aprobado na reunión da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia celebrada en Santiago de Compostela con data do 28 de outubro de 2025.

Os colexios profesionais son unha garantía de calidade para a cidadanía en xeral, pero tamén para todas as persoas colexiadas. Formar parte do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia é un acto de afirmación profesional que impulsa o establecemento de estándares de calidade, que loita contra o intrusismo profesional, ordena a actividade velando pola ética e dignidade na profesión, ofrece formación permanente, espazos de debate e autocoidado, presta asesoramento xurídico e defende os dereitos da profesión.

Pero ademais, existe unha obriga legal de atoparse colexiado/a para o exercicio do Traballo Social, tanto para o exercicio por conta allea, como polo de conta propia, como para os empregados e empregadas públicas de calquera Administración Pública do Estado.

A vixente regulación das profesións colexiadas declara que a colexiación é un dereito para os profesionais, sempre que cumpran as condicións “*senaladas estatutariamente*”, á vez que circunscribe a colexiación obrigatoria a aqueles casos nos que “*así o determine unha lei estatal*” (artigo 3 Lei sobre Colexios Profesionais). Pola súa banda, o artigo 2.3 da Lei 11/2001, de 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, determina a obriga de inscribirse no colexio correspondente ás “*profesións con obriga legal de colexiación*”.

Debe ser, polo tanto, unha Lei de carácter estatal a que sinale a obrigatoriedade ou non da colexiación nos diferentes ámbitos profesionais. No caso dos Colexios Oficiais de Traballo Social temos Lei Estatal: a Lei 10/1982, do 13 de abril, de creación dos Colexios Oficiais de Asistentes Sociais, que recolle no seu artigo 3 o seguinte “*Os Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais integrarán nos seus respectivos territorios a quen reúna os requisitos legais para ser considerados como Diplomados Universitarios en Traballo Social e Asistentes Sociais, sendo obrigatoria para o exercicio da profesión a incorporación ao Colexio correspondente*”.

Así o avala, ademais, o artigo 2 do Real Decreto 174/2001 que aproba os Estatutos Xerais “Os Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais integrarán, nos seus respectivos ámbitos territoriais, a quen posúa a titulación de Diplomados Universitarios en Traballo Social e/ou de Asistentes Sociais, sendo obrigatoria a incorporación ao Colexio correspondente para o exercicio da profesión”.

Por outra banda, o Tribunal Constitucional estableceu na Sentenza núm. 82/2018 de 16 de xullo de 2018, que a colexiación obrigatoria alcanza tamén ao persoal da Administración Pública. Deste xeito, rexeita que se permita aos empregados e empregas públicas exercer sen estar adscritas ao seu Colexio profesional correspondente, cando a lei establece que -como ocorre para exercer o Traballo Social- é unha esixencia indispensable para desenvolver esta labor profesional. A Sentenza do Tribunal Constitucional referenciada subliña que “*a normativa estatal non exceptúa aos empregados públicos en xeral da necesidade de colexiación no caso de que presten servizos só para, ou a través de, unha Administración Pública*”.

Sentado o anterior, os Estatutos do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG), aprobados polo Decreto 47/2017 de 27 de abril, establecen no artigo 7.g do Estatutos que resulta unha **función propia do Colexio a de establecer e a de esixir as achegas económicas das persoas colexiadas** e o artigo 37.7 establece como **función da Xunta de Goberno a de recadar as cotas de toda clase que deban satisfacer os/as colexiados/as**.

Pola súa banda, o artigo 27.5 dos Estatutos establece como un dos principais deberes de toda persoa colexiada, a obriga de satisfacer as cotas e demais cargas corporativas, ordinarias ou extraordinarias.

Na súa virtude, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, procede a aprobar e formalizar o seguinte documento co obxectivo de dispoñer dun procedemento interno eficaz e preciso para a xestión da falta de pagamento das cotas colexiais por parte das persoas colexiadas.

Procedemento de xestión interna en caso de falta de pagamento das cotas colexiais

- A. Unha vez que o persoal de administración do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia teña constancia definitiva dos recibos da cota colexial non cobrados en cada remesa, deberá abrir unha **Ficha de Falta de Pagamento**, onde conste os datos de identificación e contacto da persoas colexiada titular do recibo, a tipoloxía da cota (ordinaria, precolexiación, desemprego), o importe da cota que non foi pagada, o período ao cal corresponde, a data de vencemento, a forma de pago prevista e as comunicacións que se realicen.
- B. O persoal de administración deberá proceder a contactar coa persoa colexiada titular do recibo non cobrado para comunicarlle a incidencia ocorrida e coñecer as circunstancias ou motivos da falta de pago, deixando constancia de esta comunicación e do seu resultado na súa área privada.
- C. En caso de non solucionar o problema, ou no suposto de non resultar posible establecer contacto coa persoa colexiada cos datos facilitados pola mesma, nos trinta días seguintes o persoal de administración deberá enviar a Ficha de Falta de Pagamento ao persoal encargado da coordinación do Colexio no que se especifiquen todas as circunstancias relevantes ocorridas durante a xestión da incidencia aberta.
- D. A coordinación será quen elabore un listado completo das persoas colexiadas que non se atopan ao corrente do pago durante ese período, comunicándoo inmediatamente á Xunta de Goberno para que adopten os acordos que se estimen oportunos de conformidade ao establecido nos Estatutos colexiais e no Regulamento de Réxime Interno.

A presente instrución entrará en vigor a partir do día seguinte á súa aprobación pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

Asdo. Miriam Rodríguez Sierra
Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

